AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Cofinanciado pola Unión Europea

# XERA-Tecno 2025

## Axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais

## IN500A

(Nota: esta presentación non ten vinculación legal, sendo as bases da convocatorias aquelas que dispoñen de tal condición)

## Características xerais de XERA-Tecno 2025

- **Orzamento e réxime da convocatoria: 10 M €** (bianualización 2025-26, concorrencia competitiva).
- O crédito total ascende a 10M€, 5M€ € 2025 e 5M€ 2026, cofinanciadas co fondo FEADER no marco do PEPAC de España 2023-2027.
- **Beneficiarias:** PEMEs do sector forestal radicadas en Galicia que realicen investimentos en zonas rurais dentro do ámbito territorial do PEPAC España 2023-2027 (anexo XV).
  * Deberán estar inscritas no **RESFOR** e cos datos actualizados (autorización de consulta).
  * As liñas de serrado non poderán superar unha capacidade máxima de transformación de 20.000 $m^3$ de madeira en rollo de entrada para serrado ao ano.
  * Non empresa en crise e cumprir coa Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
  * Excepción daqueles solicitantes que, aínda tendo o seu domicilio en áreas definidas como ZDP, soliciten investimentos non fixos para realizar traballos no ámbito territorial do PEPAC.
- **Prazo de solicitude:** 27/02/2025 00:00 - 26/03/2025 23:59
- Os **investimentos** deben ser **NOVOS**, non poderán estar executados antes da publicación da convocatoria e non se poden iniciar/usar antes de presentar a solicitude de axuda nin antes de que se realice a inspección correspondente (art. 12).

- **Importe da axuda: 40%** dos gastos elixibles
- **Liñas:** cada persoa solicitante poderá presentar unha solicitude de axuda dirixida a **unha única liña**
  - Liña 1: Xestión forestal activa (axuda máxima 200.000 €)
  - Liña 2: Madeira e biomasa (axuda máxima 160.000 €)
  - Liña 3: Castaña e resina (axuda máxima 160.000 €)
  - Liña 4: Valor engadido na 1ª transformación da madeira (axuda máxima 200.000 €)
  - Liña 5: Medición trazabilidade e caracterización da madeira obxecto de aproveitamento (axuda máxima 50.000 €)
- **Distribución inicial de crédito:**
- Co fin de reservar un crédito mínimo en cada liña declarada, establécese unha distribución inicial de crédito:
  - Liña 1: 20 %
  - Liña 2: 50 %
  - Liña 3: 5%
  - Liña 4: 20%
  - Liña 5: 5%
- No caso de que, unha vez priorizados os expedientes solicitados, non se consuma a totalidade do importe do crédito reservado para cada liña, os importes sobrantes pasarán ás demais para facer fronte aos expedientes solicitados, tendo prioridade as liñas 3 e 5 e, de seguido, as liñas 1 e 4.

# Investimentos subvencionables

## Liña 1: Xestión forestal activa

- Procesadoras, taladoras e outros equipamentos de corta destinados á realización de cortas intermedias (claras e rareos), así como as suas adaptacións e implementos.
- Autocargadores e tractocargadores completos, así como as súas adaptacións e implementos para a realización de carga e transporte dos produtos obtidos en cortas intermedias (carga max. 12t e largura max. 2,7m).
- *Novidade* No caso de equipos automotrices que dispoñan dun motor térmico de combustión, deberán dispor dun sistema automático de detección e extinción de lumes no equipo.

## Liña 2: Madeira e biomasa

- Acondicionamento e instalacións de parques intermedios de rolla e biomasa.
- Autocargadores, arrastradores forestais e tractocargadores completos, así como as súas adaptacións e implementos.
- Procesadoras, taladoras e outros equipamentos de corta, así como as súas adaptacións e implementos.
- Maquinaria específica, apeiros e implementos que permitan un aproveitamento comercial da biomasa forestal no monte, esteladoras con capacidade de recollida, empacadoras, colleitadoras ou procesadoras de biomasa.
- *Novidade* No caso de equipos automotrices que dispoñan dun motor térmico de combustión, deberán dispor dun sistema automático de detección e extinción de lumes no equipo

## Liña 3: Castaña e resina

- Maquinaria específica, equipamentos, apeiros e implementos que permitan un aproveitamento comercial da castaña ou da resina no monte.
- Acondicionamento e instalacións de parques intermedios de almacenamento e/ou clasificación.
- Bens de equipo e instalacións en empresas de recollida, manexo, clasificación, acondicionamento e comercialización de castaña ou resina.

## Investimentos subvencionables

- **Liñas 4: Valor engadido na primeira transformación da madeira**
  - Equipos portátiles para a clasificación estrutural da madeira por métodos non destrutivos.
  - Maquinaria e instalacións de 1ª transformación destinadas á clasificación automática da madeira estrutural mediante aspectos visuais ou indirectos.
  - Maquinaria e instalacións de 1ª transformación destinadas á clasificación automática da calidade tanto da materia prima (troncos) como de produtos serrados intermedios ou finais, mediante a aplicación de escáneres de imaxe, dimesionais, raios X e outros.
  - Maquinaria e instalacións de 1ª transformación destinadas á obtención de produtos de maior valor engadido baseados na madeira serrada que permita abrir novas liñas de negocio.
  - Acondicionamento, maquinaria e instalacións de 1ª transformación para o procesamento da biomasa forestal e a transformación da madeira.
- **Liña 5: Medición, trazabilidade e caracterización da madeira obxecto de aproveitamento** *Novidade*
  - Equipos de medición de inventario forestal (dixital ou analóxico), sensores lidar terrestre, UAVs e os seus accesorios (ex. cámaras ou lidar).
  - Básculas sensorizadas para parques ou cargadoiros intermedios.
  - Equipos portátiles de ultrasóns (MST, MTG, PLG, etc.), resistógrafos, penetrómetros, lupas binoculares, higrómetros, estufas ou balanzas de laboratorio de precisión.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Cofinanciado pola Unión Europea

# Anexo I

**DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO**

LIÑA DE ACCIÓN SOLICITADA

DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS SOLICITADOS:

* Breve descrición dos investimentos solicitados.

| | |
|---|---|
| INVESTIMENTO TOTAL SUBVENCIONABLE (€) | |
| AXUDA SOLICITADA (€)[1] | |
| PORCENTAXE DE AXUDA SOLICITADA NA PRIMEIRA ANUALIDADE | |

[1] Deberán terse en conta os límites de axuda de cada unha das liñas.
* Comprobarase que os importes solicitados gardan coherencia cos indicados no anexo IV.

*Importe total do investimento que é subvencionable (custe sen IVE)*

*Aplicación do 40% sobre o investimento total (ter en conta límites de importe por liña) e valor de substitucións.*
*% de axuda solicitada para a primeira anualidade*

*Novidade*
*+ controis na cobertura de campos*

sede.xunta.gal dice
Corrixa os erros do formulario.
Aceptar

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
   - ○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
   - ○ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | CONCEDIDA | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| | ○ SI ○ NON | |
| | ○ SI ○ NON | |
| | ○ SI ○ NON | |

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. Que a empresa non está en crise de acordo coa definición do Regulamento (UE) 2022/2472 da Comisión, do 14 de decembro, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 y 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
7. Que a empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
8. Que a empresa non está inmersa nun proceso de concurso de acredores.
9. Que a empresa cumpre coa normativa ambiental vixente.
10. Que a liña de serrado non supera unha capacidade máxima de transformación de 20.000 m³ de madeira en rolo de entrada para serrado ao ano, de acordo coa definición de operacións previas á transformación industrial da madeira, do Regulamento (UE) nº 022/2472 da Comisión, do 14 de decembro, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (se se aplica).
11. Que ningún dos investimentos para os cales se solicita subvención ao abeiro desta resolución vai dar lugar a un produto de consumo final.
12. Que o solicitante coñece que os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e que non concorre neles ningunha das prohibicións recollidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
13. Que a empresa conta cun seguro de responsabilidade civil para as actividades propias da industria forestal en vigor na data de publicación da convocatoria.
14. Que a empresa conta, no suposto de ser exixible, cun contrato de prevención de riscos laborais en vigor na data de publicación da convocatoria.
15. Que a empresa desenvolverá, dentro do ámbito territorial do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027 (anexo XIV), as actividades do investimento para o cal se solicita a axuda.

## *Novidade, para substitucións de investimentos:*

No caso de substitucións de **equipos con máis de 12 anos de antigüidade desde a súa fabricación**, e aínda que non se acade un incremento de potencia nun 25 %, **non terán a consideración de simple substitución**.

No caso de considerar un **incremento da capacidade de produción** de polo menos o 25%, **deberá ser xustificado mediante informe dun técnico competente**, en que se analicen as características técnicas do novo equipo en relación co que vai ser substituído, e que incorpore unha análise técnica que xustifique o incremento de produción coas novas prestacións do equipo

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

**Cofinanciado pola Unión Europea**

# Anexo IV

*Coidado, necesario desprazar táboas para cubrir todos os campos.*

**1. DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR (artigo 3):**

| TIPO DE INVESTIMENTO | LOCALIZACIÓN | | | DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO |
|---|---|---|---|---|
| | PROVINCIA | CONCELLO | PARROQUIA | |
| 1.2 Autocargadores e tractocargadores c... | Coruña (A) | Abegondo | (Abegondo) Abegondo (Santaia) | |

* Comprobarase que os importes indicados gardan coherencia cos solicitados no anexo I.
1 Descrición do tipo
2 Indíquese, segund
3 Indíquese se o inv
4 Indíquese se algú
5 Importe do invest

**1. DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR (artigo 3):**

| CARACTERÍSTICAS DO INVESTIMENTO[2] | IMPORTE INVESTIMENTO CON IVE (€) | IMPORTE INVESTIMENTO SEN IVE (€) | APLICA PREZO MÁXIMO (ANEXO XV)[3] | SOLICITA INSPECCIÓN DE NON INICIO | APLICA SUBSTITUCIÓN[4] | CARACTERÍSTICAS DO EQUI SUBSTITUÍDO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (•) Si ( ) Non | ( ) Si (•) Non | ( ) Si (•) Non | |
| TOTAL | 0,00 | 0,00 | | | | |

* Comprobarase qu
1 Descrición do tipo
2 Indíquese, segund
3 Indíquese se o inv
4 Indíquese se algú
5 Importe do investi

**1. DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR (artigo 3):**

| LICA PREZO MÁXIMO (ANEXO XV)[3] | SOLICITA INSPECCIÓN DE NON INICIO | APLICA SUBSTITUCIÓN[4] | CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO SUBSTITUÍDO | VALOR DO EQUIPO SUBSTITUÍDO (€) | IMPORTE SUBVENCIONABLE[5] (€) | + |
|---|---|---|---|---|---|---|
| (•) Si ( ) Non | ( ) Si (•) Non | ( ) Si (•) Non | | | | - |
| | | | | 0,00 | 0,00 | |

* Comprobarase que os importes indicados gardan coherencia cos solicitados no anexo I.
1 Descrición do tipo de investimento (autocargador, procesadora forestal de rodas, procesadora forestal de cadeas, canteadora...).
2 Indíquese, segundo o caso, as características específicas, como pode ser marca, modelo, potencia, capacidade produtiva, m2...
3 Indíquese se o investimento está recollido na listaxe de investimentos con prezos máximos disposta no anexo XV.
4 Indíquese se algún dos investimentos para os cales solicita a subvención é unha substitución dun equipo da empresa.
5 Importe do investimento, descontados conceptos non subvencionables e valor de substitución, de ser o caso.

# Criterios de baremación A+B (máx. 400 puntos, min. 200 puntos) > declaración responsable

| A) Puntos segundo o obxecto do investimento (máx. 200 puntos) | Puntos |
|---|---|
| Básculas e aparellos de trazabilidade e caracterización da madeira | 150 |
| Equipamentos de medición de masas forestais ou equipos portátiles de clasificación | 200 |
| Acondicionamento e instalación en parques intermedios de recursos forestais | 150 |
| Tractocargadores completos, autocargadores, arrastradores e outros equipamentos de saca de madeira | 150 |
| Procesadoras forestais e cortadoras | 150 |
| Equipamentos completos e implementos que permitan un aproveitamento comercial dos recursos forestais | 150 |
| Maquinaria e instalacións de primeira transformación de recursos forestais | 150 |
| Investimentos en bens de equipamento de empresas de aproveitamentos dos recursos forestais | 150 |
| Cabezais de procesado que inclúan elementos de corte | 100 |
| Implementos forestais de maquinaria de desembosque | 80 |

# Criterios de baremación A+B (máx. 400 puntos, min. 200 puntos) > declaración responsable

| B) Puntos segundo as características da empresa e finalidade do investimento (máx. 200 puntos) | Puntos |
|---|---|
| Por cada actividade formativa (duración mínima: 20 h) realizada por persoas traballadoras nos 3 últimos anos (max. 3 actividades) | 15 |
| Empresas establecidas na zona demarcada polo nematodo do piñeiro | 40 |
| Empresas establecidas na zona demarcada polo nematodo do piñeiro e cuxa finalidade da inversión sexa dotarse de tecnoloxía necesaria para a aplicación de medidas de control | 20 |
| Por cada certificado de cadea de custodia (max. 2 sistemas) | 20 |
| Empresas con muller xerente | 35 |
| Empresas con xerente menor de 55 anos ou descendente en activo na empresa | 30 |
| Por pertenza a unha asociación profesional do sector | 20 |
| Para a liña 1, cando o volume anual de facturación por prestación de servizos 2023-24 represente cando menos o 50% | 150 |
| Para a liña 4, empresas con marcado CE para madeira estrutural | 50 |
| Para a liña 4, empresas que dispoñan da marca de garantía "Pino de Galicia" | 50 |

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Cofinanciado pola Unión Europea

# Anexo IV

**3. CARACTERÍSTICAS DA EMPRESA VALORABLES PARA O BAREMO (máximo 200 puntos) (artigo 6.1.b) e artigo 9.1.a)**

| A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: | |
|---|---|
| ☐ 1º) Nº de actividades formativas, cunha duración mínima de 20 horas, realizadas por persoas traballadoras da entidade nos tres últimos anos, contados ata a data da publicación da convocatoria, que cumpren os criterios establecidos no número 2 do artigo 6 das bases reguladoras [(máximo 3 actividades) (15 puntos cada actividade, ata un máximo de 45 puntos)]. | Nº de actividades: ○ 1 ○ 2 ◉ 3 |
| ☐ 2º) A empresa está establecida nas parroquias comprendidas na zona demarcada pola presenza no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus (Steiner et Buhrer) Nickle et al.* (nematodo da madeira do piñeiro), de acordo coas disposicións da autoridade competente en materia de sanidade vexetal, que conten con instalacións fixas para a primeira transformación de madeira ou biomasa ou con domicilio social na zona demarcada cunha antigüidade igual o superior a cinco anos, contados desde a data da publicación da convocatoria (40 puntos). | Provincia: Seleccione / Concello: Seleccione / Parroquia: Seleccione |
| ☐ 3º) A empresa está establecida nas parroquias comprendidas na zona demarcada pola presenza no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus (Steiner et Buhrer) Nickle et al.* (nematodo da madeira do piñeiro), de acordo coas disposicións da autoridade competente en materia de sanidade vexetal, que conten con instalacións fixas para a primeira transformación de madeira ou biomasa e cuxa finalidade do investimento sexa dotarse da tecnoloxía necesaria para a aplicación das medidas de control do nematodo da madeira do piñeiro, entre outras, secadoiros e esteladoras fixas (20 puntos). | Provincia: Seleccione / Concello: Seleccione / Parroquia: Seleccione |
| ☐ 4º) A empresa conta con cadea de custodia certificada na data da publicación da convocatoria [(20 puntos por cada sistema de certificación de cadea de custodia) (máx. 40 puntos)]. | Nº de certificado PEFC / Nº de certificado FSC |
| ☐ 5º) A empresa conta con muller xerente na data de publicación da convocatoria (35 puntos) (1) | Nome e apelidos / DNI |
| ☐ 6º) A empresa conta con xerente de idade inferior a 55 anos ou descendentes en activo na empresa na data de publicación da convocatoria (30 puntos). | Nome e apelidos / DNI |
| ☐ 7º) A empresa pertence a unha asociación profesional do sector na data de publicación da convocatoria (20 puntos). | Nome da entidade |
| ☐ 8º) A empresa conta cun volume anual de facturación, por prestación de servizos nos dous últimos anos (2023-2024), cando menos, do 50 % na data de publicación da convocatoria [(150 puntos) (aplicable só ás solicitudes da liña 1 e 5)]. | % de volume de facturación |
| ☐ 9º) A empresa conta con marcación CE para madeira estrutural na data de publicación da convocatoria [(50 puntos) (aplicable só ás solicitudes da liña 4)]. | DEE / norma harmonizada; EVCP: ☐ 1+ ☐ 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 |
| ☐ 10º) A empresa dispón da marca de garantía Piñeiro de Galicia na data de publicación da convocatoria [(50 puntos) (aplicable só as solicitudes da liña 4)]. | Data de expedición |

(1) Entenderase que desempeñan funcións de dirección as empresarias individuais, as administradoras e as conselleiras. As funcións de xerencia deberán desempeñarse a tempo completo e indefinido.

*Columna de puntuación non visible en sede*

# Anexo IV

**5. XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE DA EMPRESA E DO INVESTIMENTO**

A viabilidade da empresa e do investimento é unha condición necesaria para a consideración como subvencionable. Considerarase xustificada co cumprimento dun dos seguintes indicadores, como mínimo.
Para a xustificación da viabilidade, achegarase copia dos documentos que demostren o cumprimento do indicador.

| INDICADOR | VALOR | OBS. |
|---|---|---|
| Crédito bancario | | 1 |
| Dispoñibilidade de liquidez | | 2 |
| Volume de vendas | | 3 |

1. Dispoñibilidade de crédito bancario para o investimento dun mínimo do 70 % do seu importe ou comunicación bancaria de estar en disposición de conceder o financiamento.
2. Certificación bancaria de dispoñibilidade líquida en conta por importe do investimento.
3. Volume de vendas (V) por importe superior ao triplo do investimento (I): (V>3I).

**DECLARO que todos os datos que figuran nesta memoria son certos e comprométome a achegar a documentación que sexa necesaria para a súa comprobación.**

Os valores do apartado 5 deben ser congruentes coa información subministrada no Anexo I (documentación xustificativa da viabilidade da empresa

**Documentación xustificativa da viabilidade da empresa:**

- ☐ Dispoñibilidade de crédito bancario para o investimento dun mínimo do 70 % do importe deste ou comunicación bancaria de estar en disposición de conceder financiamento.
- ☐ Certificación bancaria de dispoñibilidade líquida na conta por importe do investimento.
- ☐ Vendas por importe superior ao triplo do investimento (na declaración do IVE do último exercicio pechado na data de publicación da convocatoria-modelo 390 ou modelo 303 do último mes do ano, segundo proceda).

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Cofinanciado pola Unión Europea

# Anexo V

Na axuda 2024, 1ª vez con cumprimentación en sede electrónica.

Novidade: Este ano, o obxectivo e que en fase de xustificación se poda autocargar en sede os datos cumplimentados en fase de solicitude, so necesitando incorporar equipos novos e dar de baixa os equipos que non forman parte da empresa.

*Coidado, necesario desplazar táboas para cubrir todos os campos.*

TIPO DE MÁQUINA

| TIPO[7] | DESCRICIÓN, MARCA, POTENCIA[8] | ANO DE FABRICACIÓN |
|---|---|---|
| | | |

INSTRUCIÓNS: se é necesario, utilice máis dunha folla para cubrir este cadro.
7. Cubrir unha táboa por cada máquina (carreta elevadora, pa cargadora, tractor, guindastre sobre tractor, remolque de tractor, autocargador, arrastrador, camión, cabeza tractora, platafor
cortadora, rozadora, empacadora, esteladora biomasa, etc.).
8. Descrición técnica, indicando os compoñentes incorporados no equipamento (cabezal procesador, cabezal cortador, cabrestante, coitela bulldozer, etc.), así como a marca, modelo e pote
9. Número de rexistro no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA). De non estar inscrito no dito rexistro, indicarase o motivo. No caso de tractocargadores forestais, ou outros equip
cada un dos elementos que compoñen o equipo.

| ANO DE FABRICACIÓN | NÚM. DE BASTIDOR | MATRÍCULA | NÚM. DE REXISTRO ROMA[9] |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

+

-

e sobre tractor, remolque de tractor, autocargador, arrastrador, camión, cabeza tractora, plataforma, guindastre sobre plataforma, procesadora,

ocesador, cabezal cortador, cabrestante, coitela bulldozer, etc.), así como a marca, modelo e potencia.
crito no dito rexistro, indicarase o motivo. No caso de tractocargadores forestais, ou outros equipos compostos, deberán indicar os números de rexistro de

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Cofinanciado pola Unión Europea

DOG

**Bases e convocatoria >> acceso** DOG nº 39, mércores 26 de febreiro de 2025

**Máis información**

xera.cei@xunta.gal

@XERAAxenciadaindustriaforestal

www.xera.xunta.gal

@XERAindustriaforestal

@xera.xunta

**Presentación de solicitudes por vía electrónica ata o 26/03/2025 >> acceso**

**Documentación mínima para a admisión da solicitude:** anexo I, anexo IV e 3 orzamentos asinados dixitalmente.

No caso de investimentos contemplados na **listaxe de prezos máximos de axuda** do anexo XV, non é necesario presentar orzamentos

AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL